


CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS PARA O CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS



INTRODUCCIÓN


A Organización Mundial da Saúde e entidades como o Consello Europeo de Resucitación Cardio Pulmonar recomendan que toda a poboación coñeza as técnicas de Soporte Vital Básico, encamiñadas a disminuir a mortalidade por causas cardíacas.

Maior importancia teñen por tanto, todas aquelas persoas con responsabilidade en grupos de poboación como profesorado ou técnicos deportivos, ou as sinaladas nos Plans de Emerxencia para realizar estas funcións nun entorno laboral.

O elevado índice de accidentes laboráis demanda cada ano unha maior preocupación pola prevención de riscos, pero tamén pola debida formación aos traballadores en materia de Primeiros Auxilios, co fin de intervir eficazmente no caso de producirse unha emerxencia.

A presente proposta plantea un número de horas presenciais que permite a adquisición de habilidades e actividades principais da Unidade de Competencia UC0272_2 “Asistir como primeiro intervinente en caso de accidente ou situación de emerxencia”, denominación que corresponde ao concepto “clásico” dos primeiros Auxilios.


Coñecer e saber aplicar estas técnicas pode marcar a diferenza entre a supervivencia ou non dun accidentado que desgraciadamente non dispón de tempo suficiente para esperar aos Servizos de Emerxencia. A intervención nos primeiros minutos é clave para esa supervivencia e por ese motivo forma parte da secuencia de intervención que todos os traballadores e responsables de grupos deberían coñecer.



1.- CONTIDOS DO CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS:

MÓDULO 1-AVALIACIÓN DO ACCIDENTADO EN BUSCA DE SIGNOS DE ALTERACIÓN ORGÁNICAS:

- 1.1. Funcións e obxectivos do primeiro intervinente en Primeiros Auxilios
- 1.2. Riscos e autoprotección do primeiro intervinente
- 1.3. Conducta P.A.S.
- 1.4. Fases da cadea de supervivencia e papel do primeiro intervinente na cadea
 - 1.4.1. Recoñecemento precoz e petición de axuda
 - 1.4.2. Reanimación Cardio Pulmonar precoz
 - 1.4.3. Desfibrilación precoz
 - 1.4.4. Coidados postreanimación
- 1.5. A importancia da alerta rápida na eficacia dunha atención en emerxencias: 112 como teléfono único
- 1.6. Valoración do Paciente Traumático: Valoración Primaria e Secundaria



MÓDULO 2-PRESTACIÓN DE COIDADOS BÁSICOS INICIAIS EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA QUE NON IMPLIQUEN PARADA CARDIORRESPIRATORIA:


- 2.1. Triaxes en Incidentes de Múltiples Víctimas
 - 2.1.1. Elementos a ter en conta para realizar un triaxe
 - 2.1.2. Procedemento de triaxe
 - 2.1.3. Sistemas de clasificación de vítimas
- 2.2. Primeiros Auxilios a pacientes con queimaduras
- 2.3. Primeiros Auxilios a pacientes con hemorraxias
- 2.4. Primeiros Auxilios a pacientes con traumatismos: contusións, esguinces, luxacións e fracturas
- 2.4. O botiquín de Primeiros Auxilios

MÓDULO 3-APLICACIÓN DE TÉCNICAS DE SOPORTE VENTILATORIO E/O CIRCULATORIO BÁSICAS SEGÚN OS PROTOCOLOS ACTUALIZADOS:

- 3.1. Soporte Vital Básico: protocolos e algoritmos actualizados de Reanimación Cardio Pulmonar Básica
- 3.2. Fases da Reanimación Cardio Pulmonar Básica:
 - 3.2.1. Valoración do nivel de consciencia
 - 3.2.2. Comprobación da respiración
 - 3.2.3. Protocolos de RCP en adultos, mulleres embarazadas, afogados, nenos e lactantes
- 3.3.- Métodos de desobstrucción da vía aérea

MÓDULO 4-CREACIÓN DUN ENTORNO SEGURO EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA

- 4.1. Métodos de extracción e manipulación de accidentados en situación de risco vital
- 4.2. Posicións básicas do accidentado
 - 4.2.1. Posición lateral de seguridade
 - 4.2.2. Posición antishock



2.- ORGANIZACIÓN DO CURSO:

Necesidades:

- 1 auditorio ou salón de actos con capacidade para todos os asistentes.
- 1 mesa para os docentes.
- Toma de conexión eléctrica para os equipos.

Material a aportar polo profesorado do curso:

- 12 maniquís de prácticas de Reanimación Cardio Pulmonar
- 1 Botiquín completo
- 2 Xogos de férulas de inmovilización
- 1 Desfibrilador Externo Automático de adestramento
- 3 camillas de inmovilización de pacientes traumáticos, con inmovilizadores de cabeza e colaríns cervicais
- Presentación didáctica para a exposición teórica

Carga horaria:

- 20 horas teórico-prácticas de carácter presencial

3.- DOCENTES:

CARLOS VALES PORTO. N° de Colexiado 09.841

- Licenciado en Educación Física con Maestría en Salvamento Acuático e Socorrismo.
- Equivalencia Profesional co título de *Técnico Deportivo Superior en Salvamento e Socorrismo*, expedida polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte y o Consello Superior de Deportes
- Coordinador dos Servizos de Socorrismo nas praias do Concello de Vigo dende o ano 2008 ata a actualidade
- Profesor de Salvamento Acuático
- Monitor de Soporte Vital Básico
- Membro dos Grupos de Investigación en Actividades Acuáticas e Socorrismo GIAAS e REMOSS das Universidades de A Coruña e Vigo
- Habilitación profesional de Asesor da Xunta de Galicia no Procedemento de Acreditación de Competencias Profesionais en Socorrismo
- Habilitación profesional de Avaliador da Xunta de Galicia no Procedemento de Acreditación de Competencias Profesionais en Socorrismo
- Formador en Primeiros Auxilios para profesorado e alumnado de Centros Educativos mediante o programa PLAN SAÚDE do Concello de Vigo dende o ano 2012 ata a actualidade
- Instructor en Rescate Acuático e Primeiros Auxilios da Policía Local de Vigo dende o ano 2011 ata a actualidade
- 25 anos de experiencia profesional en socorrismo

SONIA PRIETO GONZÁLEZ. N° de Colexiada 13.141

- Licenciada en Educación Física con Maestría en Salvamento Acuático e Socorrismo
- Profesora de Salvamento Acuático
- Monitora de Soporte Vital Básico
- Membro do Grupo de Investigación en Actividades Acuáticas e Socorrismo GIAAS da Universidade de A Coruña
- Habilitación profesional de Asesora da Xunta de Galicia no Procedemento de Acreditación de Competencias Profesionais en Socorrismo
- Certificados Profesionais de Socorrista en Instalacións Acuáticas e en Espazos Acuáticos Naturais
- 15 anos de experiencia profesional en Socorrismo